

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN E A FUNDACIÓN APOYO A LA CIUDADANÍA ESPAÑOLA EN VENEZUELA (FACEV) PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA SOCIO ASISTENCIAL ESPECIAL E SANITARIA DE EMERXENCIA A PERSOAS DE ORIXE GALEGA RESIDENTES EN VENEZUELA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Fundación Apoyo a la Ciudadanía Española en Venezuela (FACEV), o instrumento convencional arriba referido.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer unha colaboración con Fundación Apoyo a la Ciudadanía Española en Venezuela, en adiante FACEV, co obxecto de contribuír a prestarlle un servizo asistencial e/ou de atención sanitaria de urxencia ás persoas galegas residentes en Venezuela-que non poden afrontar o custo das prestacións que precisan por razóns de exclusión social, falta de ingresos ou dependencia e ás que non se pode chegar a través doutros mecanismos de colaboración, dado que a entidade conta coa infraestrutura suficiente e está disposta a prestar este servizo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

En Venezuela reside un número moi importante de persoas emigrantes españolas de orixe galega con necesidades urxentes de atención non cubertas, en especial persoas maiores ou con falta de ingresos, que precisan da atención da Xunta de Galicia para acadar unhas condicións de vida dignas, dadas as súas especiais circunstancias e a situación social e política que vive o país.

A FACEV é unha entidade xurídica civil de carácter privado, sen fin de lucro, creada para prover asistencia social, benéfica e de axuda á cidadanía española residente na República Bolivariana de Venezuela. Na súa misión está prestar socorro en situacións de emerxencia para a asistencia médica e familiar destas persoas nos supostos que non poidan acceder a elas por necesidades económicas, propias e das súas familias.



A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, ao non ser posible promover a concorrência pública, ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por ser a única destas características que opera en todo o país.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica na pretensión de mellorar a saúde, o benestar social e a calidade de vida das persoas emigrantes galegas residentes en Venezuela que, por cuestións de idade e/ou circunstancias socio familiares, contén con ingresos mínimos e non poidan afrontar o custo das prestacións que precisan.

A Secretaría Xeral da Emigración comprométese a achegar, unha contía **de vinte mil euros (20.000 €)** con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0 (código de proxecto 2015 00039), dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados no texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

